

**PROPOSTA PROVISIONAL COMPLEMENTARIA ACERCA DAS SOLICITUDES DAS
AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O ANO 2025
DON JOSÉ LUÍS GARCÍA LÓPEZ, CONCELLEIRO DE BENESTAR SOCIAL DO
CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

A vista do informe emitido con data 05/11/2025 pola educadora familiar dos servizos sociais comunitarios do concello de Arzúa, como órgano competente para instrución do procedemento en aplicación das bases que regulan as axudas de apoio ao estudo para o ano 2025 (anuncio BOP nº 169 de 5 de setembro de 2025), unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes concedidas, denegadas e a enmendar, foi detectado un erro no rexistro de entrada do concello que afectou a tres solicitudes que, se ben fóran presentadas en tempo e forma dentro do prazo establecido, non figuraban na listaxe provisional publicada, debido a este erro de rexistro.

Comprobado que ditas solicitudes foron efectivamente presentadas dentro do prazo establecido, procédese á publicación da seguinte listaxe provisional complementaria, referida exclusivamente ás tres solicitudes que non foran contempladas, con indicación da súa situación tras a correspondente valoración seguindo o establecido as bases reguladoras da convocatoria:

● **SOLICITUDES CONCEDIDAS**

CUMPREN os requirimentos establecidos nas bases as seguintes solicitudes, correspondéndolle os seguintes importes para cada solicitude:

nº	NOME	DNI/NIE	Nº ALUMNOS/AS	CANTIDADE
1	E.P.G.	***5313**	2	240€
2	F.S.	***6168**	2	240€

● **SOLICITUDES DENEGADAS**

NON CUMPREN os requisitos establecidos nas bases as seguintes solicitudes

nº	NOME	DNI/NIE	MOTIVO DA DENEGACIÓN
1	O.G.S.	***0307**	Superar o nivel de renda establecido no artigo 7.1 da convocatoria.

En aplicación do artigo 10.1 da convocatoria, sométese a trámite de audiencia a presente proposta de resolución provisional complementaria, concedéndoselle, **unicamente ás tres persoas interesadas que figuran na presente resolución**, un **prazo de 5 días hábiles** para que presenten as **alegacións** que estimen pertinentes, con publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Arzúa, a 5 de novembro de 2025

O concelleiro de Benestar Social
José Luís García López